



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CANOSA-RUS .A Braña S/N
Erbebedo-Coristanco (ACORUÑA)
Tlfono:881880382 Tfno 2: 881880381
E-mail:ceip.canosa.rus@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcanosa-rus>

COLABORADORES/AS DO COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2020/2021

Estimadas familias:

En base ao Anexo IV, da **Instrución 2/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional , do 16 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2020-2021**, ábrese o prazo de inscrición para a admisión de membros da comunidade educativa do CEIP Canosa-Rus, como colaboradores/as voluntarios/as nas tarefas de atención e apoio ao alumnado.

Segundo a citada Instrución: As funcións de colaboradores/as , en caso de non existir membros docentes que as desempeñen, poderán ser realizadas por nais e pais, mais estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboradores/as durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales funcións as persoas que as realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2019-20, agás que non houbese colaboradores/as suficientes.

O procedemento de selección estará aberto do 22 de xuño ata o 10 de setembro do 2020 . A colaboración terá un carácter altruísta e voluntario, e unicamente recibirán unha axuda polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados na colaboración por un importe de 9,39 € por día de asistencia efectiva. Os importes resultantes aboaranse en tres pagamentos ao remate de cada trimestre coa retención fiscal que corresponda.

A colaboración será no tempo de comedor e no recreo do mesmo , e as funcións son as establecidas na lexislación vixente e no Protocolo de comedor escolar do noso centro educativo. As persoas que colaboran comerán tamén no comedor escolar antes de que cheguen os nenos/as.

De estar interesados/as en colaborar no comedor escolar durante o vindeiro curso 2020-2021 , debes cubrir os seguintes datos e entregalos na dirección do centro. A directora chamará as persoas interesadas para iniciar o proceso de selección antes do mes de setembro.

Erbebedo , 22 xuño de 2020

A directora. Cristina París Padilla

Eu , _____, con DNI _____, en calidade de nai/pai/ titor/a legal do alumno/a _____, estou interesado /a en colaborar voluntariamente no próximo curso escolar nas tarefas de atención e apoio ao alumnado no tempo do comedor escolar . Teléfono:_____

Erbebedo, ____ de _____ do 2020

Asdo:

